

Un arquivo para un barrio, un con_Vite á memoria

INTRODUCCIÓN




Barrio de Vite en construción. Anos 70. Fonte: El Correo Gallego

O **barrio de Vite** atópase na periferia da cidade de Santiago de Compostela (A Coruña) no que, como sucede noutros tantos barrios, se produciron moitos cambios ao longo do século XX. A súa historia recente é un exemplo moi interesante de como os espazos e, polo tanto, as **prácticas sociais rurais e urbanas** foron cambiando no tempo deixando a súa pegada na paisaxe, entendida tanto como o propio espazo físico xunto coas prácticas sociais que nel se desenvolven. Un proceso de construción de barrio que combina a vellos e novos residentes, de grupos heteroxéneos, que foron tecendo redes de conexión para a resolución de conflitos que xurdiron a partir da súa adaptación a un novo espazo en construción. Esta **creación de comunidade, que vai aparecendo a raíz de conectar pasado e futuro**, é parte imprescindible para entender e traballar entorno ao patrimonio inmaterial que queremos recuperar, investigar e mostrar.

ORIXE

A historia do noso arquivo comeza a finais do ano 2018, cando o Instituto de Ciencias do Patrimonio do Consello Superior de Investigacións Científicas (Incipit-CSIC), a través de María Masaguer e Paula Ballesteros-Arias, escollen este barrio como caso de estudo para a posta en marcha dun **proxecto de xeración**

colaborativa de coñecemento en torno ao patrimonio inmaterial, dentro do marco do proxecto europeo “Geoarpad”. O reto era como contar a vida dun barrio, preguntando e implicando aos seus habitantes no propio proceso de traballo. Para isto creouse *Cabila*, un método de estudo de ciencia cidadá.



Cabila en Vite. Unha nova maneira de traballar

Cabila descríbese como unha maneira de traballar pensada para a xeración de investigacións nas que o coñecemento é producido por diferentes axentes, que non só atende a resultados senón tamén aos procesos que conlevan a realización dun estudo patrimonial e, **neste caso concreto, á creación dun arquivo de memoria, vivo e polifónico en Vite**. Á súa vez, e para a posta en práctica desta metodoloxía, foi preciso a organización do traballo a través da creación de tres Grupos. Así teríamos o Grupo Promotor, o Grupo Motor e o Grupo de Seguimento. O **Grupo Promotor** disparaba o proxecto, despois dun pequeno traballo de campo previo para delimitar unha proposta de partida, asumindo ao longo do proceso tarefas de facilitación, coordinación, documentación. Este grupo buscou e convocou ás persoas que formarían o Grupo Motor. O **Grupo Motor** é, quizais, o grupo máis destacado, vínculo entre o Incipit e o barrio. Tiña a responsabilidade de levar a cabo e tomar decisións sobre o proceso de investigación. Composto por un grupo heteroxéneo de persoas, definiron, co apoio do Grupo Promotor, o punto de partida da investigación. E, por último, o **Grupo de Seguimento** que tivo como tarefas principais a de supervisión e avaliación do traballo, tanto do proceso como do proxecto en si.

OS PRIMEIROS PASOS

O dez de abril deste ano ten lugar a primeira reunión do Grupo Motor (hoxe en día levamos máis de 25) e temos o primeiro contacto coa metodoloxía *Cabila*. Nas primeiras xuntanzas fomos definindo as normas de funcionamento do Grupo Motor, as súas tarefas e como queríamos relacionarnos co Grupo Promotor e co Grupo de Seguimento. Por un momento pensabamos que o traballo dende a nosa banda sería basicamente o de **ser “transmisores de memoria”**, pero de seguida nos decatamos de que **nós eramos parte importante no “facer”**. Unha vez resoltas as dúbidas do Grupo Motor a respecto da metodoloxía *Cabila*, fomos definindo o obxecto de traballo, aquilo no que queríamos canalizar as nosas forzas para traballar, investigar e dar a coñecer do noso barrio.



Unha das primeiras reunións

Moitas foron as ideas e reflexións sobre o barrio e por momentos parecía que nunca íamos ser quen de concretar; queríamos pasar a acción, executar unha actividade, pero ao mesmo tempo non queríamos renunciar a outras. Foi así como xurdiu a idea dun arquivo, unha proposta ambiciosa para o tempo que tiñamos e da que non sabiamos moito como facer. Porén, decidimos seguir adiante con ela e preparar un Plan Director, documento que nos fixo de guieiro para **saber se realmente era un arquivo o que queríamos facer e no caso de que si, como é que se fai iso.**

QUE LEVAMOS FEITO

Comezábamos de cero, desde a ignorancia máis absoluta de non saber como son as entrañas dun arquivo. Foi por este motivo e para gañar experiencia e saber facer, polo que decidimos, de acordo co Plan Director xa deseñado, realizar catro actividades diferentes.



Visita ao APOI no Museo do Pobo Galego

- **A visita a un arquivo.** O obxectivo era coñecer un arquivo físico e dixital próximo, como se elabora, quen está detrás dese arquivo, as necesidades que conleva ou sobre o seu mantemento e consulta a través da rede. Este coñecer de preto foi o que nos motivou visitar o arquivo do APOI do Museo

do Pobo Galego. Tras a orientación recibida nesta visita, percibimos a necesidade de contar cun modelo de documento de recepción dos materiais de arquivo que servise e sirva para cubrir dúas necesidades. A primeira, un contrato de licenza de cesión dos dereitos de uso e divulgación dos materiais ao Arquivo. E a segunda, unha fonte de metadatos contextuais (orixe, características físicas, relación con outros materiais, etc.) que a propia persoa que doa o material poida proporcionar.



Inventariando materiais

- **A elaboración da listaxe de materiais existentes.** Naceu da necesidade de reunir e agrupar os diferentes materiais elaborados polas diversas organizacións e persoas que colaboraron co barrio de Vite ao longo do tempo. Nesta actividade tentamos reunir todo estes materiais espallados por despachos, polas casas ou no antigo local social. A prolixa actividade que desenvolveu o Plan Sociocomunitario durante os seus máis de trinta anos de vida levou aparellada unha abundante creación de materiais como fotografías, vídeos ou carteis, que nos serviron de base para comezar con esta actividade. Foi necesario comprar produtos e obxectos para iniciar as tarefas de limpeza, organización, ordenamento e clasificación do arquivo. Elaboramos unha lista inicial de fontes e un cadro de clasificación do arquivo físico. Unha vez clasificados os materiais, gardámoslos nun antigo armario que se encontraba no local vello da Coordinadora e que tivemos que trasladar ao centro sociocultural. Agora, neste armario-arquivo están gardados todos os materiais reunidos nas mellores condicións que ata o momento podemos ofrecer.



Exposición do 30º aniversario do Plan Sociocomunitario

- **A realización e posta en marcha de contactos institucionais pertinentes.** De cara a garantir a continuidade do arquivo e a viabilidade das actividades propostas é necesario establecer convenios de colaboración con entidades, tanto para a adquisición de recursos materiais así como para a coordinación en actividades de xeración e transferencia de coñecemento. Para este fin, ideouse unha listaxe e organizáronse as primeiras entrevistas con axentes/entidades que foran relevantes para a posta en marcha do arquivo. Logo iso se detallaría cales serían os obxectivos de cada unha das colaboracións propostas así como unha primeira proposta de convenios de colaboración



Encontro "Como facer xuntas un Arquivo para Vite?"

- **A xornadas de formación: "Como facer un Arquivo xuntas?".** Buscábamos recoller coñecementos de expertos acerca de como abordar o deseño do noso arquivo e tomar decisións en torno a moitas preguntas que tiñamos. Celebramos un encontro con persoal representante doutros arquivos e experiencias similares, convocando a estas persoas tanto a expoñer os seus traballos como a participar con nós no proceso de deseño. Compartimos os nosos materiais e o traballo que fixeramos ata o momento, uníronse novas persoas ao grupo de traballo do barrio e, sobre todo, confirmamos que o arquivo xa non tiñamos que facelo senón que era unha realidade.

O FUTURO



Pintada feita polas crianzas do barrio

O material verquido polas catro actividades relatadas anteriormente é agora o coñecemento que está a nutrir o proceso de traballo e recollido no documento que nesta altura estamos a elaborar; o **Plan de Activación do Arquivo da Memoria de Vite**. Un documento que será a folla de ruta a seguir a curto medio prazo.

Desde o primeiro momento vimos claro que precisamos dun espazo para albergar o **arquivo físico** e así poder xerar dinámicas de relación coa veciñanza, xa sexa a través de actividades de consulta e recollida de materias como establecendo un lugar de conversa e reflexións sobre o barrio. Queremos que este espazo sexa no Centro Sociocultural de Vite, contribuindo a que o centro sexa o corazón da vida social e comunitaria do barrio.

Precisamos polo tanto unha sala na que poder aloxar o noso material, ben documentado e conservado, onde o proceso de clasificación e descrición sexa un proceso de xeración de relato conxunto. Para iso estamos a pór en marcha un grupo de traballo que combina actividades de documentación e etnografía. Os nosos materiais son documentos, carteis, actas, fotos... A estes documentos queremos tamén poñerles voz, polo que estamos a traballar na redacción dun protocolo de recollida oral. Queremos coidar ben as nosas voces e a nosa memoria.

A compoñente física do arquivo é fundamental, pero a día de hoxe é tamén imprescindible a creación dun **arquivo dixital**, un espazo na nube dende onde facer visible e consultable a nosa visión do barrio e os materiais que vamos recollendo. Os medios dixitais entendidos como un nodo recolector no que a pegada audiovisual e sonora poderá ter unha presenza importante. Esta parte pode que sexa a máis complicada de artellar pero xa temos varias colaboracións en marcha coas que confiamos vaiamos tecendo rede para estar nas redes e así fortalecer a rede.

Estes dous espazos, arquivo físico e arquivo dixital, son polo tanto as “casas” dos nosos materiais, pero non ten sentido construír unha casa senón está chea de vida e movemento. Unha vida diversa, chea de puntos de vista e de diferentes

formar de participar e formar parte. Neste sentido **as actividades do arquivo** e a comunidade que se vaia xerando ao seu redor son para nós o punto chave. Nestes momentos temos xa varias liñas abertas que van dende actividades específicas nas aulas dos centros de ensino do barrio como a organización, coa axuda de Maos cooperativa, dunhas xornadas-café da memoria no centro sociocultural. Para nós é moi importante que o arquivo sirva como ponte interxeracional e o papel activo tanto das traballadoras sociais do centro de saúde, do Plan Comunitario e o contacto con Vite en Rede están sendo cruciais para acadar este obxectivo.

O arquivo sostense a través do traballo dun **grupo motor-coordinador** do proxecto, xurdido nas primeiras reunións co Incipit pero ao que se foron sumando outros perfís na medida na que os diferentes grupos de traballo tomaron forza. Este grupo adquire presenza física cada xoves no centro sociocultural e comparte un cartafol na nube e un grupo de mensaxería móbil. Cada quen vai atopando naturalmente a súa tarefa, nun clima de respecto, curiosidade e enerxía para construír xuntas. Enténdese o arquivo como un reto de aprendizaxe conxunto onde en función das tarefas que se van definindo organízanse grupos para ir executándoas. Estamos pouco a pouco adoptando e deseñando a nosa dinámica de traballo, o bo do grupo é que contamos coa experiencia da vida asociativa do barrio.

Pero este grupo motor aspira a ser somentes unha das pezas da **comunidade do arquivo**, ao longo deste camiñar xa se foron tecendo redes con diferentes axentes colaboradores que ben a través dos seus saberes técnicos-expertos, ben a través do seu coñecemento situado e vínculos co barrio serán tamén parte importante do noso “facer arquivo”. Pero facer arquivo para? Pois para tecer barrio.

De seguro que nesta altura poderás estar preguntándote como **podes ti tamén participar**. Se queres poñerte en contacto con nós podes facelo a través do mail: arquivodamemoriadevite@gmail.com. En breve esperamos ter tamén unha pequena web dende onde ir informando das nosas reunións e actividades.

María Masaguer Otero (Santiago, 1980). *Historiadora e conservactivadora patrimonial. Traballo con mapas en espazos rurbanos a través de procesos colaborativos. É por iso que formo parte do grupo de traballo do Arquivo. Correo @: mariamasaguer@gmail.com*

Brais Santomil Cao (Santiago, 1988). *Veciño do barrio de Vite desde que nacín. Son un entusiasta do meu barrio e da súa historia, Isto foi o que me levou a participàr deste proxecto. Coordinador do Arquivo. Correo @: braissantomil@gmail.com*